

CASTELAO EN MONTEVIDEO

MANUEL MEILAN MARTINEZ

Alfonso Rodríguez Castelao chega a cidade de Montevideo, capital da República Oriental do Uruguay, nunha soleada mañá do día 15 de xullo do ano 1940. Eran arredor das 10 da mañá cando o barco "Argentina" arrimou ó peirao uruguaio. Viña na compañía da súa muller Dona Virxinia Pereira, procedente de Nova York, e camiño de Bos Aires onde fixaría o seu fogar no exilio. Como vedes foi na capital do Uruguay onde tivo o seu primeiro contacto coas colectividades galegas emigradas no Río da Prata.

No porto montevideano agardaban persoeiros das máis importantes institucións galegas de ámbalas marxes do río. Como o barco non zarpaba ata a tarde, ofrecéuselle un xantar no restaurante "Del Aguila", por certo propiedade de Arturo Costa un galego de Val Miñor. O xantar asistiron representantes de diversas entidades galegas do Uruguay e da Arxentina, e amigos pessoais de Castelao. Cabe destacala presenza de Ramón Rey Baltar e de Eduardo Dieste, os seus compañeiros na fundación e redacción do periódico rianxeiro "El barbero municipal" de grande sona naquel intre pola súa loita contra o caciquismo da época.

Foi nesta xuntanza nas terras uruguaias onde pronunciou unhas emocionantes verbas dirixidas ás colectividades galegas de América do Sur. Prometeu ós irmáns do Uruguay que moi axiña voltaría, con máis tempo, para falarlles dos problemas de Galicia e da República Española.

E así o fixo volvendo a primeiros de decembro neste mesmo ano de 1940, permanecendo unha semana enteira nas terras uruguaias. Por invitación do propietario da "Radio Ariel", Luis Batlle Berres, grande admirador de Castelao, e que anos despois foi presidente da República uruguaia, aceptou facer tres disertacións radiais. Elas foron: "Galicia y Valle Inclán", "Ideas de un hombre de la calle" y "Visión de un aldeano gallego".

O xoves 5 no salón de actos da Casa de Galicia, e diante de numeroso público, pronunciou a súa primeira conferencia en Montevideo. No intre foi presentado por Manuel Meilán. Nesta semana visitou diferentes balnearios da costa uruguaia ata Punta del Este onde xantou, na compañía de dirixentes da colectividade ántre os cales se atopaban dous dos seus máis íntimos amigos no Uruguay, Xesús Canabal e máis eu, entre outros.

Cun xantar ofrecido pola xunta directiva de Casa de Galicia despediuse ó ilustre rianxeiro que agradeceu a homenaxe con verbas de fondo sentimento galeguista.

Naquelas datas os galeguistas de Montevideo estabamos traballando na reactivación da entidade que nos agrupaba, que era a "Irmandade Galeguista", en

relación con esta actividade nunha carta que Castelao me enviou o 15 de xaneiro de 1941, expresaba:

"O vran é un axente disolvente, pero nos vrans compre facer plans para desenrolar no inverno. Así, pois, é comenente que vostedes mediten o que se debe facer ahí na época oportuna. O ambiente favorable pode ser estable ou pasaxeiro; mais eu calculo que as ideas galeguistas endexamáis son transitorias e aquel que as abraza unha vez endexamáis poderá esquecelas. Fián-dome nas miñas esperencias, xa bastante vellas, sei que estamos en condicións de crear *algo* en América capaz de ser un órgao preparado para funcionar en canto chegue a nosa hora".

O día 8 de outubro do ano 1941 estrénase no "Teatro Solís" de Montevideo a obra "Os vellos non deben de namorarse" representada pola Compañía Galega de Comedias de Maruxa Villanueva, e dirixida polo dramaturgo afincado en Bos Aires, Manuel Daniel Varela Buxán. Castelao, diante da imposibilidade de asistir ó estreno montevideano, enviou unha mensaxe grabada saudando á colectividade e o pobo uruguaio. A grabación, en idioma castelán, é única coñecida onde conserva a súa voz.

O 18 de abril de 1943 no estadio Centenario de Montevideo, diante de máis de 50.000 persoas, Castelao falou nun mitin en conmemoración do décimo segundo aniversario da proclamación da segunda República Española. No xigantesco acto participaron Augusto Barcia, ex presidente do Consello de Ministros, o xeneral Miaja, Diego Martínez Barrio, presidente das Cortes; Luis Batlle Berres, presidente da Cámara de Deputados do Uruguay e os tamén deputados Emilio Frugoni e Amador Sánchez. En nome de Cataluña falou Manuel Serra Moret, e en nome de Euskadi Ramón María de Aldasoro. Foi quizáís sen dúbida o maior auditorio que tivo Castelao na súa vida, e alí no seu discurso dixo entre outras cousas:

"...Vengo a este acto republicano y españolísimo, como diputado de Galicia e intérprete del sentir y pensar de la mayoría de gallegos, para proclamar que somos españoles porque somos gallegos, pues si no fuésemos gallegos no seríamos nada. Galicia tiene una personalidad intransferible, que se revela en su morfología social y económica, en su derecho consuetudinario y, por ende, democrático, en su lengua, en su cultura y, también en su voluntad de existir, manifestada a través de muchos siglos y últimamente en el plebiscito autonomista del día 28 de junio de 1936..."

No ano 1944 Castelao vén a Montevideo coa finalidade principal de consultar con Luis Tobío a posibilidade de constituir o "Consello de Galiza" un órgano semellante os que tiñan os vascos e cataláns no exilio. Castelao encárgalle a Luis Tobío que redacte a estruturación do organismo. Luis Tobío -un dos fundadores do Seminario de Estudos Galegos- era o home de enteira confianza de Castelao para tódalas accións ou decisións referentes a cuestións da organización política de Galicia.

Os resultados do proxecto de Luis Tobío foron a creación do "CONSELLO DE GALIZA" que se constituí oficialmente en Montevideo o 15 de novembro de 1944. O organismo estaba composto polos deputados galegos Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo, Elpidio Villaverde e Castelao. A primeira decisión do

Consello foi nomear por unanimidade a Castelao como presidente, e autorizalo para facelas negociacións de alianza cos vascos e cataláns. No ano 1948 intégrase ó Consello o deputado coruñés Alfredo Somoza, recentemente chegado a Montevideo desde Francia. O Consello foi creado para "gardar, manter e defender a vontade do povo galego, así como para buscar as asistencias e axudas que se precisen..."

En xuño de 1945 Castelao presenta no salón de exposicións do Ateneo de Montevideo os seus moi famosos álbums da Guerra Civil: "Galicia mártir", "Atila en Galicia" e "Milicianos". Foi a primeira mostra pública dos álbums que tiveron unha resonancia mundial, sendo traducidos a moitos idiomas. Na inauguración estivo presente o presidente da República uruguaia, Dr. Xoan Xosé de Amézaga, acompañado polos ministros de Relacións Exteriores e Defensa. Este último ministro era o Xeneral Arquitecto Alfredo Campos, fillo de galegos, e cunha importante actividade no seu da colectividade, sendo o proxectista da fermosa sede social do Centro Galego de Montevideo.

O sábado 30 de xuño deste mesmo ano lévase a cabo no Ateneo un acto solemne conmemorativo do noveno aniversario do Estatuto de 1936, e tamén fíxose a presentación pública do "Consello de Galiza", coa asistencia de representantes dos gobernos vasco e catalán, no exilio. No seu longo e importante discurso de fondo contido político, Castelao comenzou dicindo:

"En este acto gallego hablamos en castellano porque queremos dirixirnos a todos los españoles demócratas, teniendo como testigos a los hombres siempre libres del Uruguay.

Para nosotros, los gallegos, el Plata es algo así como la metrópoli ideal de una Galicia libre, y por eso hemos venido hoy a esta capital para irradiar desde aquí nuestras ansias de libertad republicana.

Yo debiera construir ahora mismo un párrafo muy brillante para dar gracias a las autoridades de este país, a sus instituciones culturales y artísticas, a los dirigentes de esta docta casa, al pueblo uruguayo en general. Pero con palabras no se demuestra el agradecimiento; y yo espero que algún día, cuando estemos allá, en nuestra patria, podamos demostrar con alguna obra o con algún hecho al agradecimiento que a este país le debemos".

E pouco antes de rematar expresou algo que coido moi clarificador:

"Nosotros defendemos el principio de autodeterminación para todos los pueblos que han sabido conservar, a través de los siglos, su personalidad nacional, y, por consiguiente, defendemos el derecho de la autodeterminación para Galicia, que conserva todos los atributos de una verdadera y auténtica nacionalidad; pero nos consideramos autorizados a restringir este derecho a lo que es racionalmente justo, conveniente y posible, descartando de antemano el separatismo. Entendedme bien -voy a repetirlo-: descartando el separatismo y abogando por una unión paccionada de todos los pueblos diferenciados de España en un Estado plurinacional y republicano, capaz de atraer a Portugal".

O domingo 1º de xullo deste ano 1945 Castelao asistiu o maior Xantar que se lle ofreceu de cantos participou nas súas estadas no Uruguay. Foi nos salóns das "Cervecerías del Uruguay" en lembranza do noveno aniversario do plebiscito que aprobou o Estatuto de Autonomía o día 28 de xuño de 1936. Alí Castelao,

diante de máis de 1.000 persoas pronunciou un patriótico e afervorado discurso que foi aplaudido en pe por tódolos asistentes ó acto. As verbas de Castelao foron precedidas por intervencións de Luis Luna, presidente da Casa de Galicia de Montevideo; o Doctor Gumersindo Sánchez Guisande, en nome dos emigrados na Arxentina; o escritor e ex-Cónsul do Uruguay na Coruña, Julio J. Casal, que falou en nome do pobo uruguaio. O escritor Casal fundara na Coruña a moi prestixiosa revista literaria "Alfar". Unha anécdota curiosa deste xigantesco xantar é a de que entre as comidas do menú estivo un prato chamado "Callos a moda de Rianxo". Cómpre lembrar que o responsable máximo na organización deste homenaxe a Castelao foi Francisco Regueiro, enviado desde Bos Aires polo "Consello de Galiza".

Neste mesmo ano Castelao volve a Montevideo na compañía dos representantes dos gobernos catalán e vasco no exilio, que eran Manuel Serra Moret e Ramón M^a de Aldasoro. Veñen para constituir a representación de "Galeuzca" nas terras uruguaias. Para representante Castelao designa os militantes galeguistas Antón Crestar e Manuel Meilán.

Castelao estivo aínda outra vez en Montevideo, esta vez foi a derradeira, pois a enfermidade xa empezara o seu triste traballo destructivo. Participou como un dos invitados especiais á toma de posesión do novo presidente electo do Uruguay, D. Tomás Berreta no ano 1947.

Morto o noso irmán Castelao en Bos Aires, bulfa en Montevideo un forte fervor galeguista arelante de continua-lo carreiro trazado polo inmorrente guieiro da nosa causa. Os galeguistas de Montevideo desexábamnos renderlle unha homenaxe que fose duradeira, que tivese permanencia ó longo do tempo. A idea partiu do ex deputado coruñés Alfredo Somoza, era a creación dun programa radial enteiraamente en idioma galego e que levase un nome representativo. O nome para o programa xurdiu por acordo unánime: poñerlle o título da obra máis coñecida de Castelao e de maior trascendencia política. Cómpre lembrar que daquela, ano 1950, en Galicia o noso idioma estaba sendo obxecto de desprecios e persecucións. Entón, aló moi lonxe no alén mar, un grupiño de galeguistas colle nas súas mans o facho deixado por Castelao uns meses antes e loita pola terra. Escollen o medio máis efectivo, que no intre era a radio, que espallará a cultura galega en ámbalas marxes do río da Prata. Na fundación do programa participaron, ademais de Somoza, os galeguistas Xesús Canabal, Pedro Couceiro, Antón Crestar, Emilio Pita, Manuel Leiras, Luis Tobío e Manuel Meilán. Eu personalmente son un dos dous fundadores aínda con vida xunto con Luis Tobío, e son o único que levo 36 anos de permanencia ininterrumpida ó pe do micrófono. Son 36 anos de loita na concienciación galeguista, seguindo sempre unha insobornable liña editorial apartidista, analizando os principais problemas de Galicia.

Quero rematar coas xa tradicionais verbas de apertura do programa que cada domingo despertan o sentimento galego dos nosos irmáns emigrados:

"Bos días, galegos: Eiquí SEMPRE EN GALICIA, audición radial ó servizo da arte e da cultura do pobo galego, que tódolos domingos dende o 3 de setembro de 1950, ás nove da mañá, é transmitida pola onda amiga de CX 16 Radio Carve de Montevideo..."